

# Fraseoloxía kôngò (H16): descrición das principais expresións idiomáticas<sup>1</sup>

## *Kôngò Phraseology (H16): Description of the Main Idiomatic Expressions*

Inocente Luntadila Nlandu

Universidade Agostinho Neto (Angola)

ORCID: 0000-0003-3180-8531

inocenteluntadila@gmail.com

**Resumo:** É normal encontrámonos con construcións fixas, chamadas *expresións idiomáticas*, en calquera lingua natural. Estas expresións forman parte do patrimonio lingüístico de cada pobo e reflicten a beleza dun idioma. Neste artigo, centrámonos no eido da fraseoloxía co obxectivo de entender o seu funcionamento mais as súas categorías. Máis en concreto, grazas ao presente traballo, conseguimos apreciar a complexidade da fraseoloxía kíkôngò.

O noso marco metodolóxico e teórico baseouse na teoría sentido-texto (Mel'čuk 1993, 1995, 2008, 2011) e a nosa nomenclatura abrangueu cinco categorías de unidades fraseolóxicas: locucións, (*lambula maalu* [estirar os pés], 'morrer'; *meso kwatu-kwatu* [ollos en desacougo], 'extrema curiosidade'); colocacións (*vanga longo* [contraer matrimonio], 'casar'); clixés (*lukolele?* [como estás?], 'ola!'), pragmatemas (*tini kya nzila mosi* 'estrada de sentido único') e proverbios (*nlele asompa katomisanga makinu ko* [pano emprestado non axuda a bailar], 'quen pide emprestado vese limitado'). Como resultado da análise, comprobamos que o kíkôngò posúe unidades fraseolóxicas que equivalen a verdadeiros frasemas (unidades complexas ou fráscas) e outras que se corresponden con simples lexemas (unidades simples). Alén diso, existen moitos casos de pragmatemas e de clixés que designan as formas verbais.

**Palabras clave:** fraseoloxía, expresión idiomática, unidade fraseolóxica, kíkôngò.

**Abstract:** *It is worth noting the existence of fixed constructions, called idiomatic expressions, in any natural language. These expressions are part of the linguistic heritage of each person and express the beauty of a language. In this article, we focus on phraseology with a view to understand how it works and its categories. We were able to notice the complexity of the Kíkôngò phraseology.*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 23.10.2023. Data de aceptación: 24.07.2024.

Tradución feita por Nuria García García.

*Our methodological and theoretical framework was based on the Theory Meaning-Text (Mel'čuk 1993, 1995, 2008, 2011). Our nomenclature covered five following categories of phraseological units: locutions (lambula maalu [stretch your feet], 'die'; meso kwatu-kwatu [eyes in agitation], 'extreme curiosity'), collocations (long vanga [contract marriage], 'get married'), clichés (lukolele? [are you doing well], 'hello!'), pragmatemas (tini kya nzila mosi 'one-way carriageway'), and proverbs (nlele asompa katomisanga makinu ko [borrowed cloth does not take care of dance], 'those who borrow find themselves limited'). In Kíkôngò, we find phraseological units that are actually equivalent to phrases (complex or phrase units) and others that are just lexemes (simple units). On the other hand, there are many cases of pragmatemes and clichés that designate verbal forms.*

**Keywords:** *phraseology, idiomatic expression, phraseological unit, Kíkôngò.*

## 1. Introducción

Todas as linguas se caracterizan por ter construcións libres e construcións fixas. As construcións libres permiten que aflore o significado de cada constituínte, mentres que, nas construcións fixas, o sentido fica opaco, tal e como podemos ver nos seguintes exemplos:

Táboa 1. Construcións libres e construcións fixas

<i>tula maza</i> [meter auga]	vs.	<i>tula vumu</i> [meter a barriga], 'quedar embarazada'
<i>vana dimpa</i> [dar o pan]	vs.	<i>vana moko</i> [dar a man], 'axudar'
<i>dya madya</i> [comer a comida]	vs.	<i>dya muntu</i> [comer a persoa], 'enfetizar'
<i>mona tadi</i> [ver a pedra]	vs.	<i>mona nsoni</i> [ver a vergonza], 'avergonzarse'
<i>kota mu nzo</i> [entrar na casa]	vs.	<i>kota nsoki</i> [entrar prexuízo], 'prexudicar'
<i>zibula nzo</i> [abrir a casa]	vs.	<i>zibula mátu</i> [abrir as orellas], 'prestar atención'

Os exemplos anteriores opoñen as construcións libres ás fixas e, polo tanto, demostran “a beleza dunha lingua”. Pódese observar que as construcións libres son de dominio de todo o mundo (individuos locutores nativos e aprendices), mentres que as construcións fixas son de dominio exclusivo dos individuos locutores nativos.

No tocante a este traballo, a nosa reflexión centrarase, esencialmente, nas *unidades fraseolóxicas* do kíkôngò. A escolla deste tema débese, por un lado, ao interese que temos pola fraseoloxía e, polo outro, á escaseza deste tipo de estudos en kíkôngò.

As preguntas que guían o presente traballo son as seguintes: como funciona a fraseoloxía kôngò e cales son as categorías das expresións idiomáticas do kíkôngò.

Para intentar respondelas, imos comezar polos preliminares, antes de achegar o noso marco teórico para, logo, fornecer a descrición da nomenclatura.

## 2. Preliminares

Existe literatura abundante sobre o concepto *expresión idiomática*. M. H. Svensson (2004: 19–25), por exemplo, recoñece unha multitude de categorías ligadas ás expresións idiomáticas: *idiotismo*, *colocación*, *locución*, *proverbio* e *frasema*. Xunto a estes, encontramos, igualmente, outros termos: *unidade idiomática*, *unidade fraseolóxica*, *expresión fixa*, *metáfora*, *construción restrinxida* etc. (Fekete 2003, Náray-Szabó 2002).

Así, a rama da lingüística que se encarga do estudo de todas as construcións fixas é a denominada *fraseoloxía*, cuxo nome provén do grego *phraseologia* (*phrasis* + *logos*) e refírese ao conxunto das expresións (terminoloxía e particularidades sintácticas) propias do uso, da contorna e da época.

A fraseoloxía consolidouse como disciplina na década de 1970 pero os seus primeiros elementos xa comezan a nomearse a finais do século XIX:

- No contexto alemán, Hermann Paul (1880) indica a presenza de certas expresións fixas que forman un *bloco*.
- No contexto inglés, Henry Sweet (1891) menciona combinacións de palabras que chama *idioms*.
- No contexto francés, Michel Bréal (1897) sinala grupos de palabras, denominadas *formules* ou *locutions*, que se caracterizan «pola fixeza e pola opacidade semántica».

O lingüista suízo Charles Bally (1909) foi o primeiro en usar o termo *fraseoloxía* no sentido lingüístico e, posteriormente, este termo utilizouse para designar a fraseoloxía como disciplina autónoma. De igual modo, Ferdinand de Saussure (1916) trata esta cuestión das *frases feitas*, como tamén Albert Sechehaye (1921), quen fala de *locucións*, cuxos constituíntes perden a súa identidade semántica, e de *palabras compostas*, as cales manteñen a súa identidade. O holandés Cornelis de Boer, pola súa banda, fala de *sintaxe fixa* ou *locucional* mais de *sintaxe viva* ou *móbil*. En Rusia, a fraseoloxía comezou nas décadas de 1930 e 1940, onde os fundamentos os formularon E. D. Polivanov e V. V. Vinogradov, tendo en conta as achegas dos lingüistas alemáns e franceses. Desde 1964, o romanés Eugen Coseriu ocupouse da fraseoloxía, na que inclúe proverbios, citas, locucións etc. Xa desde 2010, existe moito persoal investigador na área e, de feito, en Europa, existe unha Sociedade Europea de Fraseoloxía (EUROPHRAS), fundada en 1999, que organiza conferencias e fai publicacións sobre ela.

Aínda que a fraseoloxía procede da lexicoloxía e da sintaxe, convén subliñar que ten un carácter interdisciplinario, na medida en que as unidades fraseolóxicas se poden estudar desde o punto de vista lexical, sintáctico, semántico, pragmático, estilístico, etimolóxico, cultural, histórico, psicolingüístico etc.

### 3. Marco teórico

A fraseoloxía ten como obxecto de estudo a unidade fraseolóxica (UF), a cal se corresponde cunha unidade lexical de sentido opaco ou semiopaco. Xa que logo, nela inclúense a palabra composta, a locución, o proverbio, a colocación, a máxima, a alegoría, o clíxé, a paremia etc. Velaquí algúns exemplos de unidades fraseolóxicas: *mbata a mbuta* ([labazada de vello], ‘lección, reviravolta’); *vana nzila* ([dar paso], ‘autorizar, dar permiso’); *matu kamalendi luta ntu ko* [as orellas nunca van máis aló da cabeza]; *kyaku kyaku, kyangana kyangana* [o que che pertence é para ti, o que é do outro pertencelle ao outro].

Afondándonos na terminoloxía clasificatoria das UF, nas obras en francés, Kocourek (1982) nomeou 27 termos: *composé syntagmatique, dénomination complexe, groupe de mots, groupe lexical, groupe lexicalisé, lexème complexe, lexème syntagmatique, lexie, lexie complexe, locution composée, mot complexe, paralexème, synapsie, syntagme autonome, syntagme codé, syntagme de lexique, syntagme dénominatif, syntagme lexical, syntagme lexicalisé, unité de signification, unité lexicale à deux et plus de deux éléments, unité lexicale complexe, unité lexicale supérieure, unité lexicale syntagmatique complexe, unité sémantique complexe, unité syntagmatique à vocation lexicale e unité syntagmatique de signification*. No francés, aínda aparecen máis termos da man doutras personalidades, ben da súa creación, ben citados en referencia ás obras doutros e doutras lingüistas: *adage, aphorisme, apophtegme, axiome, topic, collocation, dicton, expression figée, expression fixe, expression idiomatique, formule, idiotisme, locution, locution figée, locution proverbiale, maxime, mot composé, nom composé, parémie, pensée, phrase figée, phrase idiomatique, phrase toute faite, phraséologisme, précepte, proverbe, sentence, synthème e unité phraséologique*.

No contexto da lingua inglesa, Kocourek (1982) enumerou 15 termos: *composite lexeme, compound lexical unit, formula, frozen collocation, idiom, lexeme, lexical cluster, locution, phrasal compound phrase, phrase idiom, polylexonic lexeme, semantically exocentric expression, specialized hypermorpheme e super unit*. Noutras fontes, temos: *aphorism, collocation, commonplace, complex conjunction, complex preposition, compound, habitual collocation, idiomatic collocation, idiomatic construction, idiomatic expression, idiomatic phrase, idiomatic sentence, linking adverbial, multi-word expression, multi-word unit, phrasal verb, phraseme, phraseologism, proverb, proverb fragment, quotation, ready-made utterance, simile, slogan e stereotype*. En portugués, Luntadila (2015: 353) inventariou 5 termos: *idiotismo, expressão idiomática, expressão peculiar, construção peculiar e fraseologismo*.

De todos eses termos, os máis usados son *unidade fraseolóxica* (fra. *unité phraséologique*, eng. *phraseological unit*, port. *unidade fraseologica*), *frasema* (fra. *phrasème*, eng. *phraseme*, port. *frasema*) e *fraseoloxismo* (fra. *phraséologisme*, eng. *phraseologism*, port. *fraseologismo*).

En canto ás súas características, unha UF presenta as seguintes propiedades:

- Está formada por máis dun constituínte: *nzo a Nzambi* [casa de Deus], ‘templo, igrexa’; *nsuka a n’tima* [fin do corazón], ‘impaciencia’.
- Os constituíntes son inseparables.
- Os constituíntes perden (parcial ou totalmente) o seu sentido (no sintagma).
- Os constituíntes forman unha nova unidade lexical autónoma.

Para analizar mellor o noso corpus, situamos este traballo verbo dos frasemas no marco da teoría sentido-texto (TST) (Mel’čuk 1993, 1995, 2008, 2011). Segundo I. Mel’čuk (2011: 3), un frasema é un conxunto de expresións lexicalizadas, tales como as expresións idiomáticas, as locucións e outras unidades lexicais compostas por moitas palabras. Porén, os frasemas non se describen da mesma maneira (Mel’čuk 1995: 46). Na teoría sentido-texto, Mel’čuk (2011: 3) enumera catro tipos partindo de dous eixos:

- Eixo paradigmático: frasemas lexicais, frasemas léxico-semánticos.
- Eixo sintagmático: frasemas composiciónais, frasemas non composiciónais.

O frasema lexical é aquel cuxo significado ( $\sigma$ ) se constrúe libremente polo individuo falante, pero a escolla das palabras para expresar  $\sigma$  queda restrinxida; as restricións fraseolóxicas prodúcense entre a Rsém. (‘representación semántica’) mais a RsyntP. (‘representación da sintaxe profunda’) e teñen como obxectivo a expresión lexical de  $\sigma$ . Por exemplo: *sumpika vantúlu* [colocar no peito], ‘aleitar’; *zaya mumbundu* [coñecer no corazón], ‘coñecer como a palma da man’.

O frasema léxico-semántico é aquel cuxo  $\sigma$  non se constrúe polo individuo locutor, senón que se selecciona como un bloque de maneira restrinxida. As restricións teñen lugar entre a RConcept e a RSém e, despois, entre a RSém e a RsyntP, apuntando ao significado  $\sigma$  e á súa expresión lexical. Por exemplo: *nzila n’siku* [camiño de lei], ‘paso prohibido’.

O frasema composiciónal é o que inclúe o significado de todos os seus constituíntes ( $AB=A+B$ ). Por exemplo: *bula mooko* [bater as mans], ‘aplaudir’; *kanga nwa* [pechar a boca], ‘calar’.

O frasema non composiciónal é aquel que non inclúe o significado dos seus constituíntes ( $AB=C$ ). Por exemplo: *lambula maalu* [estirar os pés], ‘morrer’; *vana mavimpi* [dar a saúde], ‘saudar’.

Velaquí un cadro resumo dos frasemas principais (Mel’čuk 2011: 4):

Táboa 2. Resumo dos frasemas principais

		Composicionalidade dos frasemas	
		Non composiciónais	Composiciónais
Natureza das restricións	Lexicais	Locucións	Colocacións
	Léxico-semánticas	<b>Imposible</b>	Clixés

Nas locucións, encontramos as locucións fortes, as semilocucións e as case-locucións. As colocacións poden ser lexicais ou gramaticais. Por último, temos os clichés que, á súa vez, engloban os pragmatemas e, en certa medida, os proverbios.

## 4. Descrición da nomenclatura

Neste apartado, quixeramos presentar o marco xeral da fraseoloxía kôngò segundo os traballos da teoría sentido-texto. Os exemplos encóntranse organizados en locucións, colocacións, clichés, pragmatemas e proverbios.

### 4.1. Locucións

Unha locución é un tipo de frasema lexical non composicional. Na teoría sentido-texto, a locución comprende tres categorías: locución forte, semilocución e case-locución. De igual modo, unha locución pode ser verbal, nominal, adxectiva etc.

#### 4.1.1. Locucións verbais

Hai moitos verbos en kíkôngò que permiten formar locucións verbais. Dentro destes verbos, os máis usados son os seguintes: *baka* [recibir], *dya* [comer], *fila* [levar], *fwa* [morrer], *kaka* [obstruír], *kala* [ser], *kanga* [pechar], *katula* [tirar], *mona* [ver], *sá* [facer], *vana* [dar], *vanga* [facer] e *zibula* [abrir], entre outros.

- (a) *Baka* [recibir]: o verbo *baka* é un dos verbos cos que se poden formar moitas locucións. A continuación, proporcionamos algúns exemplos de locucións fortes:
- *Baka vumu* [recibir a barriga], ‘quedar embarazada’: nesta locución, o sentido é opaco; úsase unha metonimia na palabra *vumu* [barriga], para referirse ao embarazo.
  - *Baka méno* [recibir os dentes], ‘afiarse’: é unha metáfora empregada para referirse a instrumentos cortantes que cómpre afiar.
- (b) *Dya* [comer]: este verbo tamén se emprega en varias locucións:
- *Dya muntu* [comer a persoa], ‘enfeitizar’: refírese a unha práctica mística que consiste en enfeitizar a alguén.
  - *Dya difwa* [comer a morte], ‘herdar’: remite á idea da herdanza; hérdase, principalmente, tras a morte da persoa dona dos bens, de aí que a herdanza presupón o falecemento desta.
  - *Dya nzimbu* [comer o diñeiro], ‘gastar o diñeiro’: refírese á idea de gastar a fortuna. A locución emprégase cando a persoa posuidora non usa ben o seu diñeiro.
- (c) *Fila* [levar]: para o verbo *fila*, escollemos tres exemplos:
- *Fila luse* [levar a cara], ‘enfrentar, encarar’: trátase dunha locución forte de sentido totalmente opaco; úsase o termo *luse* [cara] porque, para pasar á acción, a vítima debe fixar a cara de quen a oprime.

- *Fila nima* [levar as costas], ‘virar as costas, abandonar, desprezar’: remite á idea de non querer ver para a persoa interlocutora por desprezo a esta. A expresión significa, pois, ‘ignorar a alguén’.
  - *Fila ntòko* [levar ornamentos], ‘presumir’: un ornamento tende a conferir maxestuosidade, honra e lustre, de aí que esta expresión suxira a idea de vangloriarse.
- (d) *Fwa* [morrer]: dous son os exemplos que ofrecemos co verbo *fwa*:
- *Fwa nталu* [morrer o prezo], ‘custar caro’: esta expresión correspóndese cunha locución forte. Nela, aínda que o termo *ntalu* [prezo] teña certa incidencia no significado xeral, non se permite descifrar o sentido xeral.
  - *Fwa tùlu* [morrer o sono], ‘dormir profundamente’: o termo *tùlu* [sono] conserva o seu sentido, pero, nestoutra expresión, tampouco se consegue percibir o significado global.
- (e) *Kaka* [obstruír]: con este verbo, achamos tres exemplos:
- *Kaka makutu* [obstruír as orellas], ‘ignorar’: a imaxe de tapar, obstruír, os oídos refírese á idea de non querer prestar atención.
  - *Kaka meso* [obstruír os ollos], ‘vixiar a alguén’: a expresión refírese ao acto de espiar ou controlar a alguén en secreto.
  - *Kaka nwa* [obstruír a boca], ‘reducir ao silencio’: aquí, úsase a metonimia, coa palabra *nwa* [boca], para aludir ao silencio. Esta imaxe de obstruír a boca transmite a idea de negarlle o dereito á palabra a alguén.
- (f) *Kala* [ser]: ao igual ca cos demais, encontramos locucións formadas co verbo *kala*:
- *Kala ntu* [ser a cabeza], ‘estar ao mando’: a *ntu* [cabeza] é a parte do corpo humano que simboliza a elevación ou superioridade, de aí que esta expresión signifique ‘liderar, estar ao mando’.
  - *Kala mòoyo* [ser unha alma], ‘vivir’: a expresión significa estar viva ou vivo.
  - *Kala kumosi ye* [formar un con alguén], ‘aliarse, unirse’: o feito de estar con alguén induce á idea de establecer unha alianza con esa persoa para o bo proveito de ambas. Esta locución verbal clasifícase como frasea completo.
- (g) *Kanga* [pechar]: velaquí algúns exemplos de locucións verbais:
- *Kanga ntima* [pechar o corazón], ‘endurecerse, aguantar’: o corazón considérase o centro das emocións e esta expresión úsase en dous sentidos: co de endurecerse, ou sexa, de mostrarse insensible ante o sufrimento dos e das demais, e co de aguantar, de soportar as dificultades.
  - *Kanga meso* [pechar ollos], ‘ignorar’: péchanse os ollos para non ver, de aí o significado desta UF, ‘ignorar os acontecementos’. Trátase, polo tanto, de finxir non estar implicado ou implicada nun asunto.
- (h) *Katula* [tirar]: con este verbo, temos dous exemplos de locucións:
- *Katula vumu* [tirar a barriga], ‘abortar’: trátase dunha alegoría que suxire a idea do aborto, pois o embarazo desenvólvese dentro do ventre, da barriga.

- *Katula kindoki* [tirar a bruxaría], ‘comer un pouco para animar o anfitrión/a anfitriña’: emprégase esta expresión no contexto da recepción dun ou dunha hóspede, cando a persoa anfitriña ofrece comida á persoa convidada en sinal de educación, de hospitalidade. Por amabilidade, o ou a hóspede debe servirse, polo menos, un anaco como mostra de confianza.
- (i) *Mona* [ver]: entre as locucións verbais formadas co verbo *mona* encóntranse:
- *Mona wonga* [ver medo], ‘ter medo, sentir medo’: úsase nun contexto de perturbación en que xorde a idea dun perigo real ou aparente.
  - *Mona bimangu* [ver misterios], ‘incomodar, constrinxir’: esta expresión responde á existencia de algo estraño ou enigmático nunha cousa ou en alguén.
- (k) *Sá* [facer]: es locucións con este verbo son numerosas, pero só mencionamos dous exemplos:
- *Sá ntima* [facer corazón], ‘contar con alguén’: tal e como se mencionou anteriormente, o corazón considérase o centro das emocións. Xa que logo, con esta expresión, désígnase o feito de depositar a esperanza en alguén.
  - *Sá meso* [facer ollos], ‘ter cobiza, cobizar’: cobízase a través dos ollos; a expresión suxire a idea de desexar, de xeito inmoderado, posuír algo que, xeralmente, pertence a outra persoa.
- (l) *Vana* [dar’]: este verbo tamén fornece un bo número de locucións:
- *Vana mavimpi* [dar a saúde], ‘saudar’: aquí, o sentido é totalmente diferente do conformado polo conxunto dos constituíntes. Trátase dunha locución que significa ‘saudar a alguén’.
  - *Vana môko* [dar a man], ‘axudar, asistir, apoiar’: esta expresión leva consigo a idea de axudar a alguén no sentido de que, para o facer, se precisa realizar unha acción coas mans.
  - *Vana mpémba* [dar barro], ‘liberar’: correspóndese cun exemplo típico de locución forte; os constituíntes non contribúen á formación do significado global. Esta expresión significa ‘liberar a alguén’.
  - *Vana menga* [dar o sangue], ‘sacrificar, facer un sacrificio’: non se pode deducir o significado desta expresión fóra do seu contexto de uso; refírese a certa acción mística que consiste en sacrificar a alguén co ánimo de obter un beneficio material.
- (m) *Vanga* [facer]: a partir do verbo *vanga*, xéranse varias locucións:
- *Vanga lumbu* [facer o día], ‘marcar un encontro, concertar unha cita’: nesta expresión, non hai modo de descifrar o verdadeiro significado; a palabra *lumbu* [día] úsase como imaxe metafórica, pois un encontro márcase para un día determinado.
  - *Vanga nsi* [facer o país], ‘civilizar un país’: significa ‘civilizar un país ou territorio’ no sentido de tornalo máis urbano.



(n) *Zibula* [abrir]: os exemplos de locucións verbais co verbo *zibula* son múltiples, pero escollemos catro:

- *Zibula meso* [abrir os ollos], ‘vixiar’: os ollos permiten ver e de aí nace esta expresión, que emprega o dito termo para aludir á vixilancia.
- *Zibula matu* [abrir as orellas], ‘estar atento/atenta’: as orellas serven para ouvir, pero, neste sentido, remiten, máis unha vez, á idea da vixilancia.
- *Zibula mbundu* [abrir o corazón], ‘abrirse a alguén’: dadas as connotacións que comentamos da palabra *corazón* a propósito de exemplos de locucións previos, esta expresión significa ‘mostrarse aberto/aberta a alguén, ser sincero/sincera’ e entra na categoría das locucións fortes.
- *Zibula nwa* [abrir a boca], ‘expresarse, dar unha opinión, falar’: en *zibula nwa*, prodúcese unha metonimia entre boca e fala, xa que se fala a través da boca. Esta expresión é unha locución forte.

#### 4.1.2. Locucións nominais

En kíkôngò, existen, tamén, varios casos de locucións nominais. No entanto, non entraremos en detalles ao respecto por razóns de espazo e limitarémonos a presentar as locucións nominais seguidas da súa tradución literal e, finalmente, do seu significado na lingua habitual:

- *Bumbangi bu menga* [testemuño de sangue], ‘martirio’.
- *Disu kunyi lukaya* [ollo detrás da folla], ‘hipocrísia’.
- *Káaka dyatusevo* [explosión de risa], ‘gargallada’.
- *Kibanga ki nwa* [concha da boca], ‘padal, ceo da bocal’.
- *Kifwa malu* [deficiencia dos pés], ‘coxo/coxa, paralítico/paralítica’.
- *Kifwa matu* [deficiencia das orellas], ‘xordo/xorda’.
- *Kifwa meso* [deficiencia dos ollos], ‘cego/cega’.
- *Kifwa nima* [deficiencia das costas], ‘estéril’.
- *Kifwanisu ki tadi* [imaxe de pedra], ‘estatua’.
- *Kimona meso* [observación con ollos], ‘testemuña ocular’.
- *Kinkoso ki kulu* [articulación do pé], ‘xeonllo’.
- *Kufwa ntangu* [morrer o tempo], ‘pasatempo’.
- *Kulu kutatu* [terceiro pé], ‘esposa nova que serve para compensar a vellez do marido’.
- *Kumba di nitu* [cadeado do corpo], ‘embigo’.
- *Kwenda vutuka* [ida e volta], ‘viaxeiro experimentado/viaxeira experimentada’.
- *Lubasa lu nima* [listón das costas], ‘espiña dorsal’.
- *Mabaluka ntangu* [cambiador/cambiadora de tempo], ‘versátil’.
- *Maza ma mesu* [auga de ollos], ‘bágoas’.
- *Maza ma nitu* [auga de corpo], ‘ouriños’.
- *Maza ma nti* [auga das árbores], ‘zume’.
- *Maza ma sambulu* [auga de oración], ‘auga bendita’.
- *Maza mazenza* [auga doce], ‘auga potable’.
- *Mbangi i menga* [testemuña de sangue], ‘mártir’.

- *Moni a mambu* [observador/observadora de problemas], ‘testemuña ocular’.
- *Mpova ntòko* [palabra de vaidade], ‘lenda’.
- *Mundele ndombe* [europeo negro/europea negra], ‘civilizado/civilizada’.
- *Mutambula mpimpa* [camiñante nocturno], ‘noctámbulo/noctámbula’.
- *Mwana a nsuka* [fillo/filla do fin], ‘o/a máis novo/nova’.
- *Nganga a Nzambi* [experto de Deus], ‘sacerdote’.
- *Ngogo ngudi* [expresión nai], ‘palabra clave’.
- *Ngwa nkasi* [irmán da nai], ‘tío materno’.
- *Ngwa nkulututu* [nai máis vella], ‘tía materna máis vella’.
- *Ngwa nleke* [nai máis nova], ‘tía materna máis nova’.
- *Nyansi nitu* [mosca do corpo], ‘piollo’.
- *Nitu nyaza* [corpo de cebola], ‘violeta, cor púrpura’.
- *Nitu zulu* [corpo do ceo], ‘azul, cor azul’.
- *Nkanda ndombe* [pel negra], ‘africano/africana’.
- *Nkela yi kangu* [caixa de acordo], ‘arca de alianza’.
- *Nkela yi mvumbi* [caixa de cadáver], ‘cadaleito’.
- *Nsingu koko* [pescozo da man], ‘pulso’.
- *Ntima wa mbi* [corazón malo], ‘maldade’.
- *Ntima wa mpembe* [corazón branco], ‘pureza, sinceridade’.
- *Nzila anzambi* [camiño de Deus], ‘columna vertebral’.
- *Nzumbu zalongo* [diñeiro do casamento], ‘dote’.
- *Songi a nzila* [“mostrador” de camiño], ‘mentor/mentora’.

## 4.2. Colocacións

Nunha colocación, temos unha base e un colocativo. A colocación pode esquematizarse, entón, da maneira a seguir: base (nunha colocación) = palabra clave (nunha función lexical) + colocativo (nunha colocación) = valor (nunha función lexical). Co ánimo de describir mellor tal noción, dividimos as colocacións en dúas clases: colocacións usadas con verbos e colocacións usadas con substantivos.

### 4.2.1. Colocacións usadas con verbos

Existen moitos verbos que se asocian con algúns substantivos para formaren un bloque lexical autónomo. Nesta asociación de verbo mais substantivo, o primeiro xoga o papel de verbo soporte e o segundo desempeña a función de substantivo predicativo (Daladier 1978; Giry-Schneider 1978; Gross 1993; Alonso Ramos 1989). Nas construcións con verbo soporte, o verbo, semanticamente baleiro, é seleccionado polo substantivo que constitúe o núcleo do bloque. Achegamos, a continuación, as principais colocacións deste tipo repartidas en función do verbo en causa:

- (a) *Bela* [enfermar, estar enfermo/enferma]: este verbo acompaña a todos os nomes de doenzas para expresar que se padece tal enfermidade:
- *Bela nswengina*, ‘sufrir asma’.
  - *Bela kintúntu*, ‘padecer sarampelo’.

- (b) *Bwa* [caer, ocorrer]:
- *Bwa mu ntambu*, ‘caer nunha trampa’.

A maioría das colocacións presentan o colocativo na posición de complemento directo, pero o verbo *bwa* permite, tamén, levar o colocativo na posición de suxeito:

- *Dyambu dibwa* [problema caer], ‘acontecer un problema, ocorrer certa situación’.
- (c) *Dya* [comer]: este verbo vai con varios tipos de colocativos, como se pode comprobar reparando nos exemplos seguintes:
- *Dya kimpala* [comer a envexa], ‘envexar, sentir envexa, ter envexa’.
  - *Dya mfúka* [comer a débeda], ‘contraer débedas, endebedarse’.
  - *Dya mpanda* [comer o feitizo], ‘facer bruxarías a alguén, embruxar’.
  - *Dya ndefi* [comer o xuramento], ‘prestar xuramento, facer un xuramento, xurar’.
- (d) *Fila* [levar’]:
- *Fila mpaka* [levar a disputa], ‘disputarse, ter unha disputa’.
  - *Fila nkenda* [levar a tristeza], ‘ter piedade’.
  - *Fwa bikandu* [morrer a maldición], ‘violiar a lei’.
- (e) *Fwa* [morrer]: estoutro verbo tamén vai con moitos tipos de colocativos:
- *Fwa mbalu* [morrer o valor], ‘ter valor, valer, custar’.
  - *Fwa nsoni* [morrer de vergonza], ‘sentir/ter vergonza, avergonzarse’.
  - *Fwa nzala* [morrer de fame], ‘ter fame, sentir fame’.
  - *Fwisa nsoni* [causar vergonza], ‘humillar, avergonzar’: neste caso, atopámonos cun uso causativo do verbo *fwa*, que se converte en *fwisa*, ‘morrer a causa de’.
- (f) *Kala* [ser]:
- *Kala mfunu* [ser útil], ‘ter valor, valer’.
  - *Kala moyo* [ser vida], ‘estar na vida, vivir’.
  - *Kala ye tulu*, ‘ter sono’.
- (g) *Leka* [dormir]: *co verbo leka, prodúcense os exemplos de:*
- *Leka ndozi* [dormir un sono], ‘ter un sono, soñar’.
  - *Leka ntambu* [dormir unha trampa], ‘tender unha trampa’.
  - *Leka nzala* [dormir fame], ‘pasar fame’.
  - *Leka ye nzala* [dormir con fame], ‘pasar fame’.
  - *Leka tulu* [dormir sono], ‘ter sono’.
- (h) *Mona* [ver, ollar]: trátase dun dos verbos máis utilizados e funciona moito máis con nomes de sentimentos e nomes de estado:
- *Mona kyese* [ver alegría], ‘sentir alegría, estar alegre, alegrarse, ser feliz’.
  - *Mona mpasi* [ver o sufrimento], ‘padecer un sufrimento, pasar por sufrimentos, sufrir’.
  - *Mona nsoni* [ver vergonza], ‘ter/sentir vergonza, avergonzarse’.

Á parte, temos estoutros exemplos:

- *Mona kiwina* [ver sede], ‘ter sede, estar con sede’.
  - *Mona mambu* [ver problemas], ‘enfrentar dificultades’.
- (i) *Tà* [dicir, facer]: é un verbo moi utilizado, pero, no presente traballo, tan só ilustramos exemplos con nomes de acción:
- *Tà nkuzu* [facer burlas], ‘burlarse de alguén’.
  - *Tà kimvondi* [cometer un asasinato], ‘asasinar’.
- (k) *Sá* [facer]: o verbo *sá* funciona con varios tipos de colocativos; presentamos dous exemplos:
- *Sá nsilu* [facer unha promesa], ‘prometer’.
  - *Sá ngolo* [facer forza], ‘facer un esforzo, esforzarse’.
- (l) *Vana* [dar]: este verbo fornece múltiples exemplos:
- *Vana malongi* [dar unha lección], ‘ensinar, aconsellar’.
  - *Vana luve* [dar permiso], ‘permitir’.
  - *Vana minkayihu* [dar unha doazón], ‘doar, facer unha doazón, facer un donativo’.
  - *Vana ngolo* [dar forza], ‘reconfortar’.
  - *Vana nlemvo* [dar perdón], ‘agraciar, perdoar’.
  - *Vana matondo* [dar os agradecementos], ‘agradecer’.
- (m) *Vanga* [facer]: o verbo *vanga* presenta numerosos casos de colocacións; aquí, ofrecemos, unicamente, exemplos con nomes de acción:
- *Vanga lutoto* [facer unha aposta], ‘apostar’.
  - *Vanga nsaka* [facer unha brincadeira], ‘brincar, divertirse’.
  - *Vanga mvita* [facer unha batalla], ‘librar unha batalla’.
  - *Vanga fikula* [facer un debuxo], ‘debuxar’.
  - *Vanga kinsola* [facer unha clasificación], ‘clasificar’.
  - *Vanga kimfumbi* [facer un ataque], ‘cometer un ataque’.
  - *Vanga fuba* [facer unha manipulación], ‘manipular’.
  - *Vanga maninu* [facer unha disolución], ‘dissolver’.
  - *Vanga lufundusu* [facer un xuízo], ‘xulgar’.
  - *Vanga lutatakeso* [facer unha colisión], ‘entrar en colisión, colidir, chocar’.
  - *Vanga longa* [facer cola], ‘estar na cola’.
  - *Vanga fulu* [facer unha reunión], ‘reunirse’.
- (n) *Wa* [escoitar]: no plano das colocacións, este verbo funciona cos nomes de olores:
- *Wa nsunga* [escoitar o olor], ‘sentir o aroma, percibir o bo olor’.
  - *Wa nsudi* [escoitar o fedor], ‘sentir o fedor, percibir o mal cheiro’.

#### 4.2.2. Colocación cos substantivos

Con frecuencia, atopamos sintagmas nominais que constitúen colocacións. Nestes sintagmas, podemos localizar substantivos que, en ocasións, van acompañados de adxectivos. Velaquí algúns exemplos:

- *Diva dyangonda* [ciclo da lúa], ‘ciclo lunar’.
- *Kabu dya mayala* [grupo de poder], ‘partido político’.
- *Kinati maza* [transportador de auga], ‘era de acuario’.
- *Kiya kyangonda* [cuarto da lúa], ‘cuarto minguante’.
- *Kodi a moyo* [lei da vida], ‘lei sagrada’.
- *Kumbi kitu*, ‘vehículo blindado’.
- *Luyalu lwa mpianza* [gobierno do planeta], ‘gobierno planetario’.
- *Makutu ma doka* [orellas rachadas], ‘oído fino’.
- *Moko ma nda* [mans entrelazadas], ‘furto, ladrón/ladrona’.
- *Moko ngolo* [mans fortes], ‘avaro/avara’.
- *Mwana kinsona* [fillo/filla de abandono], ‘orfo/orfa’.
- *Mwana a zumba* [fillo/filla de adulterio], ‘bastardo/bastarda’.
- *Nlunga a ngonda* [conclusión da lúa], ‘lúa chea’.
- *Nsezi mya mahanza* [raios do universo], ‘raios cósmicos’.
- *Ntilumuka a kitamik*, ‘voo espacial’.
- *Ntu doka* [cabeza rachada, cabeza baleira], ‘estupidez’.
- *Ntu ngolo* [cabeza dura], ‘teimosía, teimoso/teimosa’.
- *Nzaki za kya*, ‘velocidade da luz’.
- *Nzaza zulu* [máquina do ceo], ‘nave celeste, nave espacial’.
- *Tulu mete* [sono pesado], ‘sono profundo’.
- *Wisu wa kimpeve* [enerxía de espírito], ‘enerxía espiritual’.
- *Wisu wa moyo* [enerxía de vida], ‘enerxía vital’.
- *Wisu wa nzazila* [enerxía de vibración], ‘enerxía vibratoria’.

#### 4.3. Clixés

Un clixé é un frasema léxico-semántico composicional, pero sintacticamente flexible. Aquí presentamos algúns:

- *Kyambote*, ‘ola’: trátase dun saúdo xenérico que pode empregar calquera persoa en calquera momento do día (mañá, tarde ou noite).
- *Nkumbu aku nani?*, ‘como te chamas?’: a identificación comeza preguntando o nome da persoa coa que se fala. Esta expresión é a máis usada para preguntar o nome de alguén.
- *Ntangu akwe?*, ‘que hora é?’: di o refrán que o tempo é diñeiro; recórrese a esta expresión para pedir a hora, xa que todo se fai en función do tempo.
- *Nkya nsangu?*, ‘que tal?, como estás?’: serve como marca de saúdo e utilízase, no inicio do encontro, como maneira de saudar e de preguntar sobre a vida da outra persoa.

- *Ka kyese ko?*, ‘é unha alegría, verdade?, non está ben?’: remite a un acto comunicativo cuxo obxectivo é asegurar ou manter o contacto entre a persoa locutora e a interlocutora. Como acto de función fática, esta expresión require tamén dunha resposta; o individuo emisor di «*ka kyese ko?*» e, logo, o receptor responde, para concordar, «*kyese!*» (‘está ben!’) e, para discordar, «*ka kyese ko!*» (‘non está nada ben!’).
- *Ka wawu ko?*, ‘non é?, non é certo?, non é verdade?’: estouta expresión tamén serve para manter o contacto entre as persoas locutoras, emprégase para asegurar a súa argumentación. Cando se pregunta «*ka wawu ko?*», para concordar, respóndese «*iwawu!*» (‘iso é!’) e, para discordar, «*ka wawu ko!*» (‘non é!’).
- *Dya ye dya*, ‘comer ata fartar’: úsase esta expresión cando se come sen parar nun contexto de fartura ou de festa.
- *Yeto ye yeto*, ‘entre nós’: este clixé úsase con fin de crear un ambiente amigable e, ás veces, a tal expresión vese como unha forma de manipulación, de subornar a outra persoa.
- *Bonga ludyá* [pega e come], ‘presa fácil, muller fácil’: correspóndese cun acto machista de burla cara a unha muller en relación coa vida sentimental ou sexual desta.
- *Zulu dibwa* [o ceo caeu], ‘ilusión sobre unha realidade non vivida’: esta expresión serve para desilusionar unha persoa facéndolle ver que a historia que se conta non é a verdadeira realidade; a imaxinación vai ser sempre diferente á experiencia vivida.
- *Ka mfunu ko*, ‘non vale/paga a pena’: dise nunha situación de desesperación, cando se pensa que xa non ten sentido seguir na mesma dirección.
- *Umvonda!*, ‘mátame!’: utilízase esta expresión nun contexto de conflito no que a vítima se enfrenta a quen a ou o oprime.
- *Nzambi ka kusakumuna!*, ‘que Deus te bendiga!’: cando se tira proveito dun acto de gratitude, o habitual é bendicir a persoa benfeitora para que continúe coa mesma actitude.
- *Kiyendi-kiyendi*, ‘estar en movemento sen rumbo fixo’: emprégase esta expresión no contexto dunha chamada de atención, é dicir, serve para alertar as persoas de que con tal comportamento non van a ningunha parte; quen anda sen un obxectivo claro acaba mal.

#### 4.4. Pragmatemas

Un pragmatema designa unha unidade frásica utilizada nunha situación específica. Para Xavier Blanco (2015: 17), «un pragmatema é un frasma (ou, en raras ocasións, un lexema) que constitúe un enunciado completo e cuxo significado se encontra restrinxido pola situación comunicativa na cal se emprega».<sup>2</sup> Velaquí algúns exemplos desta clase de UF:

<sup>2</sup> Texto orixinal francés: «Un pragmatème est un phrasème (ou, plus rarement, un lexème) qui constitue un énoncé complet et qui est restreint dans son signifié par la situation de communication dans laquelle il est utilisé»

- *Katula kyadi* [quitar a tristeza], ‘dor de cóbado, dor de corno’: a expresión designa a mágoa causada por unha traizón amorosa ou conxugal.
- *Lawu dyambote*, ‘boa sorte’: é un modo de desexarlle a unha persoa que se vai enfrontar a unha proba que teña éxito con ela.
- *Bongele meso, mwene* [tes ollos, viches], ‘es testemuña, aquí tes as túas probas diante’: nun xuízo, para a defensa, precisase dun testemuño mais dunha proba; nese contexto se utiliza o pragmatema en cuestión. A persoa oradora considera os e as participantes testemuñas perante a proba que presenta ante o estrado.
- *Kimbangu fula mwana* [Kimbangu sopra ao fillo], ‘Kimbangu cura o fillo’: trátase dunha fórmula de encantamento á hora de obrar un milagre. Úsase nun contexto da desesperación e en situacións graves, como a dunha doenza, de morte etc.
- *Makubungu*, ‘fórmula de encantamento’: esta expresión utilízase no contexto de accidentes infantís para crear un efecto marabilloso ou sobrenatural.
- *Simba-simba yibwidi* [de tanto tocar, a cousa caeu], ‘é un desastre’: estoutro pragmatema úsase no contexto do comercio. O/A cliente de tanto tocar na peza, acaba por deixala caer no chan. A expresión pode ser vista como unha reprimenda de quen vende cara ao/á axitado/a cliente.
- *Buka mona, buka kwikila*, ‘hai que velo para crelo’: esta expresión tamén se utiliza no contexto dunha defensa; resulta difícil crer algo sen velo, as probas permiten convencer o público.

#### 4.5. Proverbios

Os proverbios pertencen ao grupo das locucións ou ao dos clichés segundo sexan composicionais ou non composicionais (Miguel 2017: 28). Velaquí algúns deles:

- *Awole wantu, umosi ninga* [dous son un grupo, un só é unha sombra]: este proverbio fai apoloxía á forza da unión; dúas persoas valen máis ca unha, pois a unión fai a forza.
- *Baba kalunganga nkanu ko* [a persoa muda nunca gaña un caso]: noutras palabras, quen cala consente. Aínda que o silencio teña as súas virtudes, existen circunstancias en que a palabra salva.
- *Dya ye nkento, dya ye nkadi-ampemba* [comer coa muller é comer co diaño]: a lección moral deste proverbio consiste no feito de que a persoa que te pode prexudicar non é máis ca aquela aliada. A muller vese aquí como o individuo próximo máis próximo o cal coñece os teus puntos fortes e fracos, polo que te pode prexudicar.
- *Mbwa una ye malu maya kansi nzila zole kakwendangazoko* [o can ten catro patas, pero non segue dous camiños]: na vida, cómpre seguir un só foco, doutro modo, non se conseguirá alcanzar os obxectivos, por malgastar o esforzo en varias fronteas.

- *Fu kya munto kakisobwangwako nze nlele* [o carácter da persoa non se cambia como a roupa]: A esencia do individuo é inmutable, non se pode cambiar a súa natureza. Noutras palabras, a serpe muda a pel, pero non o veneno. Non se trata de dunha visión fatalista, senón dunha advertencia sobre a imposibilidade do cambio radical.
- *Nkutu azowa, nkumbu mosi batulanga* [no maletín do idiota, róbase só unha vez]: O erro cométese unha vez; despois, o individuo aprende del. Este proverbio correspóndese coa advertencia de que é imposible enganar a alguén eternamente.

## 5. Conclusións

Este artigo permitiu contrastar as construcións libres e as fixas. As mesmas palabras que resultan transparentes canto ao seu significado poden, tamén, presentar opacidade nas construcións fixas. Puidemos apreciar a complexidade da fraseoloxía kôngo, así como o seu funcionamento mais as súas categorías.

De acordo cos traballos da teoría sentido-texto, neste artigo, describimos cinco tipos de unidades fraseolóxicas: locucións, colocacións, clixés, pragmatemas e proverbios. Con respecto ás locucións, limitámonos só ás locucións verbais e nominais. As locucións verbais foron, maioritariamente, locucións fortes no sentido de que non se podía descifrar o significado a partir da suma das palabras. As locucións nominais foron numerosas, pero con diferente grao de opacidade. Acerca das colocacións, estas poden aplicarse aos verbos ou aos substantivos. Nas colocacións verbais, observouse que o verbo se encontraba semanticamente baleiro, pero servía de soporte para a base. Ao lado das colocacións verbais, existen as colocacións nominais, as cales poden estar formadas por substantivos ou substantivos con adxectivos etc. No tocante aos clixés, encontramos varias expresións usadas en situacións rutineiras de comunicación: expresións de saúde, de identificación, de cortesía, de servizo etc. Xunto aos clixés, hai tamén outras expresións usadas en situacións de comunicación específica e chamadas pragmatemas que poden incluír mesmo fórmulas de encantamentos. Por último, analizamos os proverbios, as cales conteñen unha síntese de sabedoría que serve de lección moral.

En suma, este artigo permitiu comprobar que a lingua kíkôngò presenta unha fraseoloxía rica cunha complexidade enorme tanto en termos de funcionamento como de unidades fraseolóxicas.

## 6. Bibliografía

- Alonso Ramos, M. (1989). Aproximación a un nuevo modelo lexicográfico: el Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain, recherches lexico-sémantiques de Igor Mel'cuk. *Verba*, 16, 421–450.
- Blanco, X. (2013). Les pragmatèmes: définition, typologie et traitement lexicographique. *Verbum*, 4, 17–25. <https://doi.org/10.15388/Verb.2013.4.4977>
- Daladier, A. (1978). *Problèmes d'analyse d'un type de nominalisation en français et de certains groupes nominaux complexes*. [Tese de 3º ciclo] Université Paris-Diderot.



- Giry-Schneider, J. (1978). *Les nominalisations en français: l'opérateur 'faire' dans le lexique*. Librairie Droz.
- Gross, G. (1996). *Les expressions figées en français. Noms composés et autres locutions*. Éditions Ophrys.
- Gross, G. (1993). Trois applications de la notion de verbe support. *L'information grammaticale*, (59), 16–22.
- Gross, M. (1988). Les limites d'une phrase figée. *Langages*, (90), 7–22.
- Mel'čuk, I. (2008). Phraséologie dans la langue et dans le dictionnaire. *Repères & Applications (VI)*, XXIV Journées Pédagogiques sur l'Enseignement du Français en Espagne, Barcelone, 3-5 septembre 2007.
- Mel'čuk, I. (2013). Tout ce que nous voulions savoir sur les phrasèmes, mais... *Cahiers de lexicologie*, (102), 129–149.
- Mel'čuk, I. (2020). Clichés and pragmatemes. *Neophilologica*, 32, 9–20.
- Náray-Szabó, M. (2002). Quelques remarques sur la définition du phrasème. *Revue d'études françaises*, (7), 70–81.
- Pérez Miguel, M. (2017). *Les locuteurs natifs parlent en phrasèmes: les différents types d'unités phraséologiques*. [Trabajo de fin de grado, Universidad de Salamanca]. Gredos.